



| Guía Docente          |  |                    |                        |          |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                        | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Sistemas de información. Xestión das TIC   | Código             | 611507011              |          |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (2013)  |                    |                        |          |
| Descritores           |  |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria            | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                        |          |
| Departamento          | Empresa  |                    |                        |          |
| Coordinación          | Piñeiro Sanchez, Carlos  | Correo electrónico | carlos.psanchez@udc.es |          |
| Profesorado           | Piñeiro Sanchez, Carlos  | Correo electrónico | carlos.psanchez@udc.es |          |
| Web                   | moodle.udc.es  |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | A materia pretende forma-los coñecementos e desenvolve-las competencias básicas relativas á aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nun contexto empresarial, adoptando unha perspectiva de xestión   |                    |                        |          |
| Plan de contingencia  | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Ningunha</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>Todas, se ben as sesións presenciais poderían reempazarse, total ou parcialmente, por sesións telemáticas<br/>*Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Ningunha, aínda que se poderían introduci-las adaptacións imprescindibles para traslada-la actividade académica a un entorno telemático</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Titorías virtuais a través dos recursos das plataformas institucionais da UDC</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Ningunha, aínda que se poderían introduci-las adaptacións imprescindibles para traslada-la actividade académica a un entorno telemático. En concreto, as probas de avaliación poderían desenvolverse por medios telemáticos.<br/>*Observacións de avaliación<br/>A evolución da situación sanitaria está fóra do control do equipo docente. Por ilo, cómpre dispoñer de equipamento para acceder a recursos electrónicos e afrontar una avaliación por medios electrónicos, dende o mesmo inicio do cuatrimestre. En caso necesario, debe consultarse á UDC a posibilidade de acceder a axudas para obtelo.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br/>Ningunha</p> |                    |                        |          |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A1                     | CE01 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da revisión crítica das actuacións sociais e ambientais das empresas.   |
| A2                     | CE02 - Comprender a incidencia da contorna na actividade empresarial: dispor de coñecementos adecuados para interpretar e elaborar estratexias de actuación social e ambiental da empresa. |
| A7                     | Saber realizar un diagnóstico estratéxico del sector en el que se encuentra ubicado la empresa u organización.   |
| A9                     | CE09 - Preparar informes económicos-financeiros que satisfagan as necesidades dos usuarios.  |
| A10                    | CE10 - Ler e interpretar estados financeiros.  |
| A11                    | CE11 - Diseñar estratexias corporativas, competitivas e políticas de empresas.   |
| A21                    | CE21 - Diseñar sistemas de información para a empresa.   |
| A22                    | CE22 - Manexar ferramentas informáticas para a xestión de empresas.  |
| B1                     | CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación          |



|     |   |
|-----|---|
| B2  | CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo   |
| B3  | CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B4  | CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades   |
| B6  | CG1 - Organizar e planificar a xestión empresarial.   |
| B7  | CG2 - Resolver problemas empresariais.  |
| B8  | CG3 - Tomar decisións na empresa de forma efectiva.   |
| B9  | CG4 - Compromiso ético na dirección empresarial.  |
| B10 | CG5 - Aplicar coñecementos á xestión empresarial  |
| B11 | CG6 - Aprender novas técnicas de dirección de empresas.   |
| B12 | CG7 - Adaptarse a novas situacións e xerar novas ideas no mundo empresarial.  |
| B14 | CG9 - Entender a importancia da cultura emprendedora.   |
| C1  | CT01 - Saber manexar as fontes de información relevante e o seu contido   |
| C2  | CT02 - Valorar criticamente o coñecemento e a tecnoloxía.   |
| C3  | CT03 - Valorar a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a carreira profesional.  |
| C4  | CT04 - Traballar en equipo e desenvolver un espírito lóxico e creativo.   |
| C5  | CT05 - Capacidade de análise e síntese  |
| C6  | CT06 - Comunicación oral e escrita.   |
| C7  | CT07 - Capacidade crítica.  |
| C8  | CT08 - Capacidade de liderado   |
| C9  | CT09 - Habilidade para traballar de forma autónoma.   |
| C10 | CT10 - Capacidade para comunicarse con expertos doutras áreas.  |
| C11 | CT11 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |

| Resultados da aprendizaxe |   |      |      |
|---------------------------|---|------|------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título                                    |      |      |
|                           | Comprende-lo papel das TIC nas organizacións empresariais | AP1  | BP1  |
|                           | AP2   | BP2  | CP4  |
|                           | AP21  | BP3  | CP5  |
|                           | AP22  | BP4  | CP7  |
|                           |   | BP6  | CP9  |
|                           |   | BP7  | CP10 |
|                           |   | BP8  | CP11 |
|                           |   | BP9  |      |
|                           |   | BP11 |      |
|                           |   | BP12 |      |



|   |                            |   |   |
|---|----------------------------|---|---|
| Relaciona-las TIC coa competitividade e o desempeño empresarial                             | AP2<br>AP7<br>AP11         | BP1<br>BP2<br>BP3<br>BP4<br>BP6<br>BP7<br>BP8<br>BP10<br>BP11<br>BP12<br>BP14 | CP1<br>CP2<br>CP6   |
| Comprende-la dinámica financeira dos investimentos intensivos en TIC                        | AP9<br>AP10                | BP3<br>BP4<br>BP6<br>BP7<br>BP8<br>BP10                                       | CP1<br>CP2<br>CP4<br>CP5<br>CP6<br>CP7                                      |
| Saber avaliar investimentos, proxectos ou empresas intensivas en TIC                        | AP7<br>AP9<br>AP10<br>AP21 | BP1<br>BP2<br>BP3<br>BP4<br>BP7<br>BP8<br>BP9<br>BP10<br>BP12<br>BP14         | CP2<br>CP3<br>CP5<br>CP6<br>CP11  |
| Fomenta-lo interese e o sentido crítico en relación á innovación e ó progreso da tecnoloxía |                            | BP11<br>BP12  | CP1<br>CP2<br>CP3<br>CP4<br>CP5<br>CP6<br>CP7<br>CP8<br>CP9<br>CP10<br>CP11 |

| Contidos                        |   |
|---------------------------------|---|
| Temas                           | Subtemas  |
| Información e toma de decisións | (I)rracionalidade<br>Datos, información e coñecemento   |
| O sistema de información        | Sistemas vs. tecnoloxías da información<br>As TIC en perspectiva histórica<br>A organización como un entramado de fluxos de información |
| A dimensión interna             | Procesamento de transaccións<br>Sistemas de xestión e para a toma de decisións  |
| A dimensión externa             | Comercio electrónico<br>Cambios estruturais: teletraballo, dixitalización e máis  |



|                     |   |
|---------------------|---|
| Aspectos de xestión | Avaliación de investimentos en TIC<br>Intanxibles e competitividade |
|---------------------|---|

| Planificación                 |   |                   |   |              |
|-------------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Estudo de casos               | A1 A2 A7 A9 A10 A11<br>A21 A22 B2 B3 B6 B7<br>B8 B9 B10 B11 B12<br>B14 C1 C2 C3 C4 C5<br>C6 C7 C8 C9 C10<br>C11 | 10                | 15  | 25           |
| Discusión dirixida            | A1 A7 B1 B2 B3 B7<br>B8 B9 B10 B14 C2<br>C4 C5 C6 C7 C8   | 8                 | 8   | 16           |
| Traballos tutelados           | A2 A9 B10 B11 B12<br>C2 C4 C6 C9 C10<br>C11   | 15                | 60  | 75           |
| Análise de fontes documentais | C1 C3 C5 C7 C9  | 1                 | 10  | 11           |
| Proba obxectiva               | A7 A11 A21 A22 B1<br>B2 B3 B6 B7 B8 B9<br>B10 B11 C2 C3 C11   | 4                 | 6   | 10           |
| Sesión maxistral              | A2 A7 A9 A10 A11 B1<br>B2 B3 B4 B6 B7 B8<br>B14 C1 C2 C3  | 3                 | 0   | 3            |
| Atención personalizada        |   | 10                | 0   | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Estudo de casos               | Análise crítica de casos realistas   |
| Discusión dirixida            | Dinámicas de grupo en relación a casos, situacións ou escenarios   |
| Traballos tutelados           | Tarefas de extensión media sobre temas ou cuestións concretas, dentro do ámbito de interese da materia     |
| Análise de fontes documentais | Busca de bibliografía e fontes de información relevantes, lectura e análise do seu contido.                |
| Proba obxectiva               | Proba relativa ós contidos discutidos nas sesións presenciais e á programación de traballo non presencial. |
| Sesión maxistral              | Presentación xeral dos temas de traballo, e coordinación do grupo  |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|  |  |
|--|--|
| Estudo de casos<br>Traballos tutelados | <p>Atendendo ás instrucións recibidas da Facultade, as titorías desenvolveranse de xeito exclusivamente virtual e previa petición de cita por correo electrónico; son de aplicación os límites que sinala a normativa de dedicación docente do profesorado da UDC.</p> <p>Na medida en que a capacidade do equipo docente e os medios dispoñibles o permitan, tratarase de prestar atención persoalizada ós alumnos con dificultades xustificadas por cuarentena ou enfermidade, sen perxuízo dos dereitos e obrigas previstos na normativa académica canto ás datas e forma en que se han de desenvolver as probas de avaliación.</p> <p>Os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poden solicitar ou propoñer un horario de atención compatible coa súa dedicación, cando existan razóns obxectivas que lles impidan asistir no horario ordinario.</p> |
|--|--|

| Avaliación          |   |  |               |
|---------------------|---|--|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias  | Descrición   | Cualificación |
| Proba obxectiva     | A7 A11 A21 A22 B1<br>B2 B3 B6 B7 B8 B9<br>B10 B11 C2 C3 C11   | Proba relativa ós contidos discutidos nas sesións presenciais e á programación de traballo non presencial.   | 20            |
| Estudo de casos     | A1 A2 A7 A9 A10 A11<br>A21 A22 B2 B3 B6 B7<br>B8 B9 B10 B11 B12<br>B14 C1 C2 C3 C4 C5<br>C6 C7 C8 C9 C10<br>C11 | Valoraranse i) o grao de participación; ii) a creatividade e o nivel de asertividade; iii) a capacidade para diagnosticar as situacións formuladas e realizar contribucións valiosas; iv) a calidade das solucións propostas; v) o contido do informe ou memoria presentado; e vi) a capacidade para sustentar as conclusións con argumentos baseados na lóxica financeira, organizativa e competitiva da empresa. No caso de tarefas tarefas de grupo, a cualificación pode individualizarse atendendo a estes criterios. | 40            |
| Traballos tutelados | A2 A9 B10 B11 B12<br>C2 C4 C6 C9 C10<br>C11   | Valoraranse i) a calidade do traballo preliminar de busca de información, mostraxe, etc.; ii) a calidade do traballo estatístico realizado para analizar os datos dispoñibles; iii) a relevancia das conclusións obtidas, e o seu respaldo na lóxica financeira e organizativa; iv) a calidade da memoria ou informe final, e no seu caso, da exposición.  | 40            |

#### Observacións avaliación



Dacordo coas indicacións recibidas da Reitoría e da Facultade, a avaliación será continua e presencial; se as circunstancias non o permitir, adoptarase un modelo non presencial sobre as plataformas institucionais da UDC, mantendo na medida do posible a metodoloxía e as probas de avaliación que no seu caso se realizasen ate o momento.

Disponibilidade de recursos técnicos: se a situación sanitaria o aconsella, o equipo docente pode acordar que o traballo ordinario e as probas de avaliación se desenvolvan en soporte electrónico, incluíndo aquelas que se poidan realizar na aula. Os alumnos son responsables de dispor, dende o inicio de cuadrimestre, dos medios necesarios para acceder a recursos electrónicos e no seu caso realizar unha avaliación en formato electrónico. Se carecen deles, poden consultar á UDC a posibilidade de que lles sexan facilitados, nos termos do documento de "Orientacións para a programación da actividade docente: curso 2020-2021".

Cualificación de non presentado: corresponde ós alumnos que participen unicamente de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% na cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Segunda oportunidade: os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade poderán facelo na segunda desenvolvendo un traballo sobre un tema específico da materia que se

comunicará individualmente a cada alumno despois da publicación das

cualificacións da primeira oportunidade. O traballo debe ter unha extensión

mínima de 50 follas A4 a unha cara con marxes de 2,5cm. por cada lado,

tipografía Times New Roman corpo 11 e espaciado de 1,5 liñas; o número de

palabras non pode ser inferior a 10.000, excluídas citas e bibliografía, que

seguirán a norma APA. Valorarase de cero a dez puntos en función da profundidade e calidade do

contido, a amplitude e relevancia da bibliografía empregada, e o interese das

conclusións. Son de aplicación as seguintes esixencias de orixinalidade: aceptaranse unhas

similitudes máximas do 25% (excluídas citas e bibliografía) e do 30% (incluíndo

citas e excluíndo bibliografía); de se considerar necesario, pode preverse unha presentación persoal do traballo, que será condición necesaria para

superar a asignatura. O incumprimento destas condicións entenderase

fraude, coas consecuencias que se prevén na normativa académica.

Oportunidade adiantada: avaliarase a partir dun examen sobre 10 puntos.

Uso de dispositivos: durante as sesións presenciais non está permitido empregarlos móbiles, ordenadores, etc. a menos que estea xustificado pola

actividade académica e, en calquera caso, exista autorización previa por parte dos profesores. Durante as probas de avaliación estes dispositivos

deberán estar apagados e fóra da vista, a menos que o seu uso se autorizase. O incumprimento destas normas interpretarase como fraude, coas

consecuencias académicas que se deriven.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Gómez Vieites, A. (2009). Sistemas de información: herramientas prácticas para la gestión empresarial. Madrid: Ra-ma

- Cardona, J. (ed.) (2011). Sistemas de información empresarial: casos y supuestos prácticos. Granada: GEU

- Robson, W. (1994). Strategic management and information systems an integrated approach. Londres: Pitman

- Alter, S. (1996). Information Systems. A Management Perspective. Menlo Park, California: Benjamin Cummings

- O'Brien, J. (2006). Management information systems. Boston: McGraw - Hill

- Li, F. (1995). The geography of business information. Chichester: Wiley

- Andreu, R. (1996). Estrategia y sistemas de información. Madrid: McGraw - Hill

- Hirschheim, R. et al. (2002). Information systems outsourcing: enduring themes, emergent patterns, and future directions. New York: Springer Verlag

A busca e análise de fontes é unha das metodoloxías desenvolvidas durante o curso e un dos seus obxectivos obxectivos formativos; neste sentido, a bibliografía aportada debe entenderse como unha reseña básica e xeral, que se completa con referencias específicas para cada capítulo.

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| Materias que se recomenda cursar simultaneamente   |
|--|
| Materias que continúan o temario   |
| Observacións   |
| <p>Cumprimento da normativa sanitaria A participación nas actividades presenciais require inexcusablemente o cumprimento estrito das indicacións das autoridades sanitarias, en particular o uso de mascariña protectora en todo momento. Atenderase ás adaptacións que poidan recibirse da Facultade canto os horarios de entrada e saída escalonados, e todas aquelas circunstancias que poidan afectar á organización da materia. Adaptacións e circunstancias sobrevidas Sempre en función das instrucións que se poidan recibir, a materia podería adaptarse a un formato semipresencial ou completamente deslocalizado, que poderían levar a unha substitución total ou parcial do traballo presencial por sesións telemáticas. Na medida do posible manteranse os contidos, metodoloxía e avaliación. Disponibilidade de recursos informáticos A organización docente está suxeita ás indicacións que se poidan recibir como consecuencia da situación sanitaria, pero os alumnos deben dispoñer, desde o inicio do cuadrimestre, dos medios técnicos necesarios para acceder a recursos electrónicos e desenvolver unha avaliación telemática. O equipo docente resérvase a capacidade de acordar que, incluso se a docencia é presencial, a avaliación se desenvolva por medios electrónicos para minimizar o risco potencial causado polo manexo de papel a través de varias persoas. É suficiente cun móbil de capacidade ordinaria, aínda que se recomenda un ordenador ou alomenos unha tablet; se carecen deles, poden consultar coa UDC a posibilidade de que lles sexan facilitados, nos termos do documento de ?Orientacións para a programación da actividade docente: curso 2020-2021?.</p> |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías